



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



BASES PARA A CONVOCATORIA E SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL E BOLSA DE TRABALLO PARA UN/UNHA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTAR.

1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, por contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, mediante concurso-oposición, dun/ha socorrista para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada para a obtención de subvención da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal.

Vista a necesidade de contratación de socorristas para a apertura da piscina municipal do Concello de Vilasantar (A Coruña), dada a obriga legal de contar con persoal deste tipo para o funcionamento da citada instalación.

As tarefas ou funcións serás as propias de socorrista. Así mesmo, e de acordo cos principios de igualdade, eficacia, eficiencia e adecuación do candidato co perfil do posto a desempeñar, estas bases terán por obxecto a creación dunha bolsa de traballo para o suposto de renuncia ou outra causa que impida ao aspirante seleccionado desempeñar o posto a cubrir.

Vista a ORDE do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións das entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas e se procede a súa convocatoria para o ano 2025. Vista a notificación da resolución da subvención para o citado servizo da Xunta de Galicia, realízanse as bases conforme aos criterios da subvención para así poder optar a súa obtención.

2º) NÚMERO DE PRAZAS.

Unha.

3º) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



A contratación realizarase a través do contrato da modalidade por contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, con código 405 ao ser a contratación a tempo completo, previsto no Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ademais da normativa especificada nas bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

A xornada de traballo será a xornada completo, 37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei. As vacacións e o horario adaptarase ás necesidades do servizo.

O salario bruto será de 1.944,24 €/brutos mensuais para a xornada completa (incluídos tódolos conceptos salariais e a prorrata das pagas extraordinarias).

A duración do contrato será de 2 meses, e os primeiros 15 días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

4º) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. "Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76, ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso ó emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois. Poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Posuír ou estar en condicións de obter as titulacións previstas no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67 do 9/4/2012) modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de Marzo (DOG núm. 69 do 7/4/2017).

g) Acreditación de ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia e deberá presentar acreditación da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas e as titulacións que cumpran cos requisitos de inscrición no rexistro, reflectidos na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo.

h) De conformidade co artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral a infancia e á adolescencia fronte á violencia, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesión, oficio e actividade que impliquen contacto habitual con persoas menores de



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



idade, o non ser condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código penal. Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

i) As persoas candidatas serán remitidas pola Oficina de Emprego de Melide en contestación á presentación de Oferta de Emprego realizada polo Concello de Vilasantar.

Como regra xeral, o cumprimento destes requisitos refírese á data na que remate o prazo de presentación de instancias ou solicitudes de participación e deberá continuarse coa súa titularidade ao longo do procedemento selectivo.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 e no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, os seguintes:

- a. Requisito de titulación:
 - a. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, do 20 de maio.
 - b. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ou
 - c. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalación acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridos pro experiencia laboral.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalentes estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio/entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Tribunal:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral que deberá realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

6º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

O Concello de Vilasantar dará publicidade á convocatoria a través da oferta de emprego presentada na Oficina de Emprego de Melide. A convocatoria e as presentes bases publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vilasantar. A publicación dos sucesivos anuncios efectuarase na páxina web e no taboleiro de anuncios físico do Concello.

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria. As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Vilasantar, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello de Vilasantar, de luns a venres (de 8:30 a 14:30 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco(5) días naturais dende o seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Vilasantar.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico a correo@vilasantar.gal a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

Presentarase unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde no rexistro xeral do Concello, xunto coa instancia debidamente asinada (Anexo I) solicitando participar no proceso, achegando a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Fotocopia do título ou certificación de estar en condición de obter o título esixido nas bases; deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.
- Certificación de aptitude do Celga 2 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Documentación acreditativa da experiencia laboral. Presentaranse como xustificantes do tempo traballado o contrato no que conste o tempo traballado e o nome e DNI do traballador e do contratador ou ben certificado cos mesmos datos. Acompañarase o informe da vida laboral.
- A relación de méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos. Dita relación acompañarase dos documentos xustificativos. Os méritos alegados acreditaranse fielmente por medio de certificación expedida por funcionario ou autoridade competente, ou ben presentando os orixinais da documentación na que consten, ou con fotocopias debidamente compulsadas dos mesmos. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Informe médico oficial actualizado no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostillados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7º) ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS. TRIBUNAL.

a) Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal (www.vilasantar.gal) e esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Posteriormente o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal (www.vilasantar.gal). Na mesma resolución o Alcalde designará aos membros do órgano de selección do procedemento e determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición.

c) De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

Tribunal. O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:
Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Vogais (3): Un/Unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Secretario/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do tribunal está suxeitos ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e aos dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total. Crearase unha bolsa por decreto da alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen polo menos a metade da puntuación máxima do proceso selectivo como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego, que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención da Deputación Provincial da Coruña.

A comisión non poderá en ningún caso propoñer máis aspirantes como aprobados que o número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobado que contradiga este mandato será nula de pleno dereito.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



A avaliación do concurso e o desenvolvemento das probas selectivas, así como, a puntuación outorgada e a proposta que se eleve á Alcaldía – Presidencia, recollerase razoadamente nunha acta, que se levantará ao efecto, elevando a identificación do/a aprobado á Alcaldía – Presidencia.

8º) SELECCIÓN.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 10 puntos.

A. Fase de concurso (ata un máximo 4 puntos)

– Por ter experiencia en posto similar (puntuación máxima 2 puntos).

Por cada mes traballado desempeñando o posto de socorrista, a razón de 0,50 puntos mes. Este mérito acreditarase mediante contratos de traballo, certificación acreditativa ou informe de vida laboral.

– Formación (puntuación máxima 2 puntos).

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas funcións a desenvolver. Valorarase 0,50 cada curso ata un máximo de 3 puntos. Este mérito acreditarase mediante os certificados ou títulos do cursos.

B- Proba selectiva (ata un máximo 6 puntos)

Consistirá na resposta a unhas preguntas de forma oral relacionadas coas funcións do posto de traballo a desempeñar. O tribunal poderá realizar as preguntas que considere axeitadas sobre o desenvolvemento do seu traballo.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Proba de galego.

Será obrigatorio a superación dun exercicio referido á proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior. Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia da solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, modificado pola Ley 2/2009, do 23 de xuño.

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral que deberá realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio. Correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

9 º) PROPOSTA DE NOMEAMENTO E RESOLUCIÓN.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación.

A acta do tribunal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Vilasantar e na páxina web municipal, na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no rexistro xeral do Concello de Vilasantar. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro do Concello e na páxina web municipal e substituirá ás notificacións individuais ás persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



10º) FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realizalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo).
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 1 día hábil para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado. A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata a finalización do período de contratación establecido segundo a resolución da concesión da subvención anteriormente referenciada.

11º) PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

1- A persoa proposta presentará no rexistro xeral do Concello de Vilasantar, no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, os seguintes documentos:

a) Informe médico oficial actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



b) Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

d) Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

e) Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.

f) Certificación de estar inscrito/a na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo elo como consecuencia da citada anulación.

12º) INCIDENCIAS.

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

ANEXO I

DATOS DO SOLICITANTE.

Nome e apelidos:

NIF:

Enderezo a efectos de notificación:

Municipio:

Provincia:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

EXPÓN e SOLICITA

Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de un/unha socorrista para a Piscina Municipal de Vilasantar, durante un período de 2 meses ao abeiro da Orde do 13 de Xaneiro de 2026.

Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

Que autorizo ao Concello de Vilasantar para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Apórtase a seguinte documentación (marcar cunha X):

Fotocopia do DNI, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.

Fotocopia do título ou certificación de estar en condición de obter o título esixido nas bases; deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

Fotocopia ou certificación do Celga 2.

Documentación acreditativa da experiencia laboral. Presentaranse como xustificantes do tempo traballado o contrato no que conste o tempo traballado e o nome e DNI do traballador e do contratador ou ben certificado cos mesmos datos. Acompañarase o informe da vida laboral.

A relación de méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos. Dita relación acompañarase dos documentos xustificativos. Os méritos alegados acreditaranse fielmente por medio de certificación expedida por funcionario ou autoridade competente, ou ben presentando os orixinais da documentación na que consten, ou con fotocopias debidamente compulsadas dos mesmos. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

Tarxeta de demandante de emprego actualizada.

___Informe médico oficial actualizado no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.

___Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

Lugar, data e sinatura.

SR ALCALDE DO CONCELLO DE VILASANTAR